



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**IES PLURILINGÜE FONTEXERÍA**

Agra de Baño 21, MUROS – 15259

Tlf.: 881 867 110

ies.fontexeria@edu.xunta.es



UNIÓN EUROPEA

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

**CENTRO: IES PLURILINGÜE FONTEXERÍA**  
**CURSO: 1º BACHARELATO**  
**MATERIA: ANATOMÍA**  
**DEPARTAMENTO: BIOLOXÍA E XEOLOXÍA**  
**PROFESORA: ÁUREA PARCERO MARIÑO**

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación).
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles		
Critério de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C. Clave
<p><b><u>Bloque 2. Organización básica do corpo humano</u></b> <b>(1ª avaliación)</b></p> <p>B2.1. Interpretar o funcionamento do corpo humano como o resultado da integración anatómica e funcional dos elementos que conforman os seus niveis de organización e que o caracterizan como unha unidade estrutural e funcional.</p>	<p><b><u>Bloque 2. Organización básica do corpo humano</u></b> <b>(1ª avaliación)</b></p> <p>AAB2.1.1. Diferencia os niveis de organización do corpo humano.</p> <p>AAB2.1.3. Especifica as funcións vitais do corpo humano, sinalando as súas características máis salientables.</p> <p>AAB2.1.4. Localiza os órganos e os sistemas, e relaciónaos coas súas funcións.</p>	<p>CMCCT</p> <p>CMCCT</p> <p>CMCCT</p>
<p><b><u>Bloque 3. O sistema locomotor</u></b> <b>(1ª avaliación)</b></p> <p>B3.1. Recoñecer a estrutura e o funcionamento do sistema locomotor humano en movementos propios das actividades artísticas, razoando as relacións funcionais que se establecen entre as súas partes</p>	<p><b><u>Bloque 3. O sistema locomotor</u></b> <b>(1ª avaliación)</b></p> <p>AAB3.1.1. Describe a estrutura e a función do sistema esquelético en relación coa mobilidade do corpo humano.<sup>a</sup> avaliación</p> <p>AAB3.1.2. Identifica o tipo de óso vinculándoo coa súa función.</p> <p>AAB3.1.3. Diferencia os tipos de articulacións en relación coa mobilidade que permiten.</p>	<p>CMCCT</p> <p>CMCCT</p> <p>CMCCT</p>



<p><b>2ª (avaliación)</b></p> <p>B3.1. Recoñecer a estrutura e o funcionamento do sistema locomotor humano en movementos propios das actividades artísticas, razoando as relacións funcionais que se establecen entre as súas partes.</p> <p>B3.2. Analizar a execución de movementos aplicando os principios anatómicos funcionais a fisioloxía muscular e as bases da biomecánica, e establecendo relacións razoadas.</p> <p>B3.4. Identificar as lesións máis comúns do aparello locomotor nas actividades artísticas, en relación coas súas causas fundamentais.</p>	<p><b>2ª (avaliación)</b></p> <p>AAB3.1.4. Describe a estrutura e a función do sistema muscular, identificando a súa funcionalidade como parte activa do sistema locomotor</p> <p>AAB3.1.5. Diferencia os tipos de músculo en relación coa súa función.</p> <p>AAB3.1.6. Describe a fisioloxía e o mecanismo da contracción muscular.</p> <p>AAB3.2.2. Identifica os ósos, as articulacións e os músculos principais implicados en diversos movementos, utilizando a terminoloxía axeitada.</p> <p>AAB3.2.3. Relaciona a estrutura muscular coa súa función na execución dun movemento e as forzas que actúan neste.</p> <p>AAB3.4.1. Identifica as principais patoloxías e lesións relacionadas co sistema locomotor nas actividades artísticas, e xustifica as súas causas principais.</p>	<p>CMCCT</p> <p>CMCCT</p> <p>CMCCT</p> <p>CCL, CMCCT</p> <p>CMCCT</p> <p>CMCCT</p>
<p><b><u>Bloque 5. O sistema de achega e utilización da enerxía</u></b> <b>(2ª avaliación)</b></p> <p>B5.1. Argumentar os mecanismos enerxéticos que interveñen nunha acción motora, co fin de xestionar a enerxía e mellorar a eficiencia da acción.</p> <p>B5.2. Recoñecer os procesos de dixestión e absorción de alimentos e nutrientes, e explicar as estruturas orgánicas implicadas en cada un.</p> <p>B5.3. Valorar os hábitos nutricionais que inciden favorablemente na saúde e no rendemento das actividades artísticas corporais</p> <p>B5.4. Identificar os trastornos do comportamento nutricional máis comúns e os efectos que teñen sobre a saúde.</p>	<p><b><u>Bloque 5. O sistema de achega e utilización da enerxía</u></b> <b>(2ª avaliación)</b></p> <p>AAB5.1.1. Describe os procesos metabólicos de produción de enerxía polas vías aeróbica e anaeróbica, e xustifica o seu rendemento enerxético e a súa relación coa intensidade e a duración da actividade.</p> <p>AAB5.1.2. Xustifica o papel do ATP como transportador da enerxía libre, asociándoo coa subministración continua e adaptada as necesidades do corpo humano.</p> <p>AAB5.2.1. Identifica a estrutura dos aparellos e dos órganos que interveñen nos procesos de dixestión e absorción dos alimentos e nutrientes, en relación coas súas funcións en cada etapa</p> <p>AAB5.2.2. Distingue os procesos que interveñen na dixestión e na absorción dos alimentos e dos nutrientes, vinculándoos coas estruturas orgánicas implicadas en cada un.</p> <p>AAB5.3.1. Discrimina os nutrientes enerxéticos dos non enerxéticos, en relación cunha dieta sa e equilibrada.</p> <p>AAB5.4.1. Identifica os principais trastornos do comportamento nutricional e argumenta os efectos que teñen para a saúde</p>	<p>CMCCT</p> <p>CMCCT</p> <p>CMCCT</p> <p>CMCCT</p> <p>CMCCT</p> <p>CMCCT</p>

**2. Avaliación e cualificación**

<b>Recuperación das avaliacións suspensas</b>	Non hai alumnado con avaliacións suspensas.
<b>Como mellorar a nota</b>	Poderase incrementar a nota ata 1,5 puntos máis da nota media da avaliación 1ª e 2ª en función da entrega das tarefas telemáticas propostas no 3º trimestre que son tanto de repaso como de ampliación.
<b>Cualificación final</b>	A nota final será a media ponderada da 1ª (60%) e da 2ª avaliación(40%). Poderán mellorar a nota ata 1,5 pto máis da nota ponderada das avaliacións, en función da entrega das tarefas telemáticas propostas no terceiro trimestre. A <b>xustificación da ponderación</b> é a seguinte: na 1ª avaliación fixéronse dous exames e na 2ª avaliación polo estado de alarma solo se fixo un, quedando a materia dada pero pendente de examinar.
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	Non se contempla proba pois todo o alumnado xa está aprobado en xuño.
<b>Procedementos e instrumentos</b>	<b>Procedementos das dúas primeiras avaliacións:</b> proba escrita, revisión de tarefas, observación e traballos colaborativos. <b>Instrumentos:</b> Cuestionarios de resposta escrita, caderno de láminas, listas de control, valoración das actividades prácticas como talleres de construción dos ósos ou das partes do aparato dixestivo. <b>Procedementos no período non presencial:</b> revisión de tarefas. <b>Instrumentos:</b> rexistro das entregas das tarefas nunha lista de control.
<b>Pendientes</b>	Non hai alumnado coa materia pendente.

**3. Metodoloxía e actividades do terceiro trimestre (recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación)**

<b>Actividades</b>	As actividades do 3º trimestre serán tanto de repaso como de ampliación e están dispoñibles para o alumnado e as súas familias na aula virtual do centro. <a href="https://www.edu.xunta.gal/centros/iesfontexeria/aulavirtual2/course/view.php?id=475">https://www.edu.xunta.gal/centros/iesfontexeria/aulavirtual2/course/view.php?id=475</a> <b>Tarefas de repaso.</b> Exercicios do Bloque 5. O sistema de achega e utilización da enerxía (identificación de estruturas do aparato dixestivo), xogos e actividades interactivas. <b>Tarefas de ampliación</b> Exercicios do bloque 5. O sistema de achega e utilización da enerxía. (identificación de estruturas do aparato circulatorio, excretor e respiratorio, pequenas investigacións sobre o coronavirus.), xogos, vídeos, videoconferencias semanais utilizando Cisco Webex sobre o aparato respiratorio, circulatorio, excretor e sistema nervioso.
--------------------	--



<b>Metodoloxía</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Clases de repaso e ampliación por videoconferencia webex.</li> <li>- Enlace a YouTube na Aula Virtual para visionado de vídeos explicativos das clases.</li> <li>- Realización de tarefas e corrección por correo electrónico de xeito individual.</li> <li>- Estudo de power points pendurados na aula virtual.</li> </ul>
<b>Materiais e recursos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Presentacións en power points de elaboración propia e penduradas na Aula virtual.</li> <li>- Vídeos.</li> <li>- Plataforma Cisco Webex de videoconferencias.</li> <li>- Boletíns de exercicios.</li> <li>- Láminas extraídas do libro: Anatomía. Libro de traballo . W. Kapit e L.M. Elson. Editorial Ariel . 2014.</li> </ul>

### 3º TRIMESTRE

Na seguinte táboa recóllense os estándares que se traballarán ao longo de 3º trimestre coa metodoloxía explicada.

<b>Craterios de avaliación</b>	<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>C. Clave</b>
<p><b><u>Bloque 4. O sistema cardiopulmonar</u></b></p> <p>B4.1. Identificar o papel do sistema cardiopulmonar no rendemento das actividades artísticas corporais.</p> <p>B4.2. Relacionar o sistema cardiopulmonar coa saúde, recoñecendo hábitos e costumes saudables para o sistema cardiorrespiratorio e o aparello de fonación, nas accións motoras inherentes ás actividades artísticas corporais e na vida cotiá.</p>	<p><b><u>Bloque 4. O sistema cardiopulmonar</u></b></p> <p>AAB4.1.1. Describe a estrutura e a función dos pulmóns, detallando o intercambio de gases que ten lugar neles e a dinámica de ventilación pulmonar asociada.</p> <p>AAB4.1.2. Describe a estrutura e a función do sistema cardiovascular, explicando a regulación e a integración de cada compoñente</p> <p>AAB4.2.2. Identifica a estrutura anatómica do aparello de fonación, e describe as interaccións entre as estruturas que o integran.</p> <p>AAB4.2.3. Identifica as principais patoloxías que afectan o sistema cardiopulmonar en relación coas causas máis habituais e cos seus efectos nas actividades artísticas.</p> <p>AAB4.2.4.5. Recoñece hábitos e costumes saudables para o sistema cardiorrespiratorio e o aparello de fonación, nas accións motoras inherentes ás actividades artísticas corporais e na vida cotiá.</p>	<p>CMCCT</p> <p>CMCCT</p> <p>CMCCT</p> <p>CMCCT</p> <p>CMCCT</p>



<p><b><u>Bloque 6. Os sistemas de coordinación e de regulación</u></b> B6.1. Recoñecer os sistemas de coordinación e regulación do corpo humano, especificando a súa estrutura e función.</p>	<p><b><u>Bloque 6. Os sistemas de coordinación e de regulación</u></b> AAB6.1.1. Describe a estrutura e as función dos sistemas implicados no control e na regulación da actividade do corpo humano, establecendo a asociación entre eles AAB6.1.2. Recoñece as diferenzas entre os movementos reflexos e os voluntarios, asociándoos ás estruturas nerviosas implicadas neles</p>	<p>CMCCT  CMCCT</p>
---	--	-----------------------------

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	- Este documento será pendurado na páxina web do centro.